




“Limitándonos  
ao noso”  
non saímos desta

“Bernardino, eterno poeta do mar”



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Defíneme “os nosos”

1948. Bos Aires. O 25 de xullo. Foi a derradeira lección do mestre, o último gran discurso. Un Castelao de saúde fráxil, xa consciente da derrota, diante dun auditorio de emigrantes e exiliados galegos, pronuncia a ben coñecida *Alba de Gloria*.

O irmán Daniel, emocionado, proclama dalgún xeito “fillos e fillas predilectos de Galicia” aquela preciosa e diversa Santa Compañía, na que Prisciliano e Exeria van diante, xunto a san Dámaso e Paulo Orosio, o historiador. Na enorme ringleira hai cores, acentos, ocupacións e voces diferentes e —dialécticamente, “contraditoriamente”, por veces— complementarias: Xelmírez, Alfonso VII e Inés e Xohana de Castro, pero tamén o mestre Mateo e os trobadores —Airas Nunes, Mendiño, Xohán Airas, Martín Códax...— dando música e cor. Van Pedro Madruga e Pardo de Cela, pero tamén os irmandiños con Rui Xordo, que “sostén un facho de palla acesa e fumeante”. Sarmiento de Gamboa, navegante; Andrade e Casas e Nóvoa, arquitectos; Padre Sarmiento e o Padre Feixóo; “Añón, Rosalía, Pondal, Curros, Lamas e moitos outros, todos con estrelas so-

bre a fronte... os historiadores Vicetto, Murguía e López Ferreiro; os patriotas Faraldo e Brañas; a pensadora Concepción Arenal; a escritora Pardo Bazán; e, por fin, o gran don Ramón, aínda non ben descarnado...”.

Hai varias maneiras de interpretar a historia propia, as diverxencias, as coincidencias, as críticas cruzadas, os procesos. Castelao escolle a interpretación dialéctica e inclusiva: mesmo o que contradí a nosa maneira de estar no mundo, o noso enfoque de servir á gran causa, pode ser integrado, porque nos complementa, matiza, desafia e perfecciona. Quen non se cuestiona nunca é o que ten o problema.

Castelao podería escoller outras maneiras. Excluir por razóns de clase, por razóns de coherencia lingüística, por razóns de analoxía ideolóxica ou por razóns desas feridas que deixan as inevitables diverxencias, liortas e mesmo faltas de consideración.

Alonso Montero fixo achegas magníficas para unha comprensión do conflito lingüístico en Galicia. E foi un profesor que cambiou a perspectiva de xeracións de estudantes da capital luguesa, rompendo prexuízos e desmascarando falsos “bilingüismos” harmónicos. Para vetar o nomeamento de Alonso Montero como fillo adoptivo de Lugo, hai que fiar moi fino. Tan fino que corres o risco de quedar sen fío. Claro que houbo diferenzas, acres debates, palabras grosas entre o profesor comunista e o nacionalismo de esquerda. Pero ese tipo de diferenza, non é acaso inevitable e mesmo necesaria para avanzarmos con madurez?



©Foto: [www.elprogreso.es](http://www.elprogreso.es)

## Todas as mans

“Limítese á Igrexa Católica, déixenos a nós o control das fronteiras”, declarou Tom Homan, responsable na materia da Administración Trump.

Ou, o que é exactamente o mesmo: “Ti atende ao teu”.

Do que supón esa frase queremos falar hoxe; ou, mellor dito, máis que dela, queremos mostrar a nosa férrea oposición a ela, ao tempo que lle agradecemos ao irmán Francisco “que non se limite a...”.

Pero antes, cómpre sinalar algúns exemplos máis que dan lugar ao enfado de *míster* Homan e da Administración Trump:

Nunha entrevista ao programa *Che tempo che fa*, Francisco manifestou que, se Trump cumpría o seu programa de deportacións masivas de inmigrantes irregulares, sería “unha desgraza; así non se resolven as cousas”.

Vinte e sete organizacións relixiosas, como baptistas, xudeu-conservadoras, xudeu-reformistas, evanxélicas, luteranas, católicas... presentaron unha demanda diante da Corte Federal do distrito de Columbia por redadas de poboación migrante en escolas, igrexas e hospitais.

As igrexas, non só a católica, semellan ser un posible freo ao poder omnímodo de Trump e tamén unha das súas grandes obsesións. E por iso a súa anoxada resposta: “Déixenos a nós”. Velá un lema perverso. Reflexionemos:

Ante as monstruosidades anunciadas e realizadas coas que espertamos cada día; ante a deriva á que unha minoría autocrática quere someter a historia da xente e do planeta, unha historia que é morte ou malvivir para a maioría, e de rapina e de supremacía exclusiva para eles, sen ningún tipo de norma común á que someterse,... están a utilizar, por suposto, todo tipo de forza violenta. Pero a súa panca ideolóxica para convencer enganando é: “Cíngase ao seu, déixenos a nós o control”.

Non, por favor, non nos “limitemos”, non fagamos aínda máis individuais as nosas existenciais, porque cando cremos facelo así, estamos facéndoas exclusivamente gregarias, traxicamente conducidas, gobernadas, manipuladas... “Limitándonos ao noso” non saímos desta.

Máis ben ao contrario, cómpre, con moitas persoas, de nome e anónimas, facer e berrar: “Traian todas as mans”.

Ninguén está de máis: nin Francisco, nin Pepe, nin Manuela, nin Lucía, etc. Sentimos a urxencia e a beleza de imbricarnos, de entretécernos con xente de todo tipo e cor, con persoas de calquera orientación ou crenza. E sentimos que todas nos necesitamos, porque é urxente que resistamos fronte a esta deriva de extinción, cinguíndonos non á unidimensionalidade programada e inducida, senón á vida boa, compartida e repartida, á vida de todas: non sobra ninguén.

Ninguén está de máis. Sintamos a urxencia e a beleza de entretécernos con xente de todo tipo, crenza ou cor

# Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

## Supremacistas, son supremacistas

O avance local e global das ultradeixas, radicais e violentas, é un feito evidente. Os homes máis ricos do mundo decidiron converter as democracias en plutocracias e apréstanse a tomar eles, directamente, o poder político nos Estados. Son homes, son brancos e son ricos.

Son os que están a recruar a chamada batalla cultural, que busca recuperar e impor criterios, valores, crenzas e prácticas hoxe social e culturalmente en crise e en vías de superación, pero que foron propias dun *statu quo* anterior que facilitaba autocracias e dogmatismos. Tres armas principais utilizan os plutócratas ultras nesta batalla cultural: o revisionismo histórico, a chamada posverdade —que vén sendo a distorsión deliberada dos feitos, dos datos e da verdade mesma— e a deturpación da linguaxe, baleirando palabras e conceptos do seu sentido recto e orixinario (como fai Ayuso coa liberdade); aprópanse deles para connotalos con novos significados destinados a espallar a ameaza, o medo ou o odio.

Un exemplo disto último é o que está a suceder coa palabra e o concepto *woke*, que orixinaríase se refería a estar alerta, esperto ou espelido ante a discriminación racial e a supremacía branca nos EUA, e que axiña pasou a significar estar en contra de todas as discriminacións e desigualdades: económicas, de clase, de etnia, de xénero, etc. E agora, tamén nos EUA, a “Internacional Ultra” liderada por Trump aprópiase da palabra *woke* para connotala de xeito negativo e pexorativo e meter nun mesmo saco a todos os seus inimigos susceptíbeis de odiar e eliminar: os inmigrantes, os negros pobres, os *buenistas*, os solidarios e os activistas pola xustiza social; en fin, todos os que consideran progres e partidarios de avanzar na igualdade,



na equidade ou na xustiza social. “Se te fas *woke*, vaste arruinar”, así ameazan os empresarios e filántropos que poderían apoiar causas nobres.

Arestora, parece que esta batalla cultural desconcerta as esquerdas, demócratas e progresistas, que ven medrar o medo e o odio no debate político, cultural e social. Nin sequera se sabe como nomear estes agresores plutócratas e das dereitas que compiten por seren cadaquén máis ultra: son fascistas, neofascistas, nazis? Como denominalos?

Coido que a politóloga Alicia Valdés, nun faladoiro do *podcast Carne Cruda*, atina cando propón nomealos supremacistas: homes, brancos e ricos que se consideran superiores, que defenden e exercen a supremacía branca sobre as outras etnias ou “razas”, a dos homes sobre as mulleres, a dos heteros sobre os homosexuais, a dos autóctonos sobre os inmigrantes, a dos máis ricos sobre os menos ricos e os pobres. Tratan de vender como dereitos os seus privilexios e tentan conseguir que moitos poidan sentirse superiores aos “outros”, logrando influencia social e electoral e, sobre todo, fanáticos partidarios susceptíbeis de se converteren en esbirros ou sicarios, de seren precisos. Así se crean os “inimigos internos”, tan necesarios para as autocracias. Inimigos que hoxe son, por exemplo, os inmigrantes, como foron os xudeus para os nazis, auténticos supremacistas arios.

Son nazis, fascistas, neofranquistas, ultras? Seguramente teñan de todo, pero coido que hoxe os define mellor supremacistas, precisamente aqueles ante os que os *woke* deberían estar moi alerta e moi espelidos.

**Supremacistas:  
homes, brancos e ricos  
que se consideran  
superiores**

# ... Pero a vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

## Fotos de despacho con políticos xenerosos

Hai anos, as Administracións Públicas tiñan como práctica habitual conceder axudas a diversas entidades sen ningún tipo de concorrència. Asíñábase un convenio e outorgábase unha subvención de forma directa. E falamos de cifras próximas, por exemplo, a setecentos cincuenta mil euros ao longo dunha serie de exercicios.

Co paso do tempo, esa práctica foise reducindo, grazas ás normas sobre subvencións no Estado e en Galicia, así como ao labor dos órganos de control de cada unha das Administracións Públicas.

Tamén é certo que existen motivos excepcionais que amparan as subvencións nominativas a entidades a través dos Orzamentos, pero os criterios que motivan esa decisión deben ser restrictivos para evitar abusos. Cómpre tender a que as concesións de axudas se fagan mediante concorrència, é dicir, permitindo que todas aquelas entidades que se dediquen a un mesmo fin, e sempre baixo uns requisitos mínimos de solvencia, poidan presentarse para levar a cabo actuacións que, por interese público, entendemos que deben ser incentivadas pola Administración e para as que esta carece de medios propios.

Imaxínade que sodes membros dunha asociación que leva moitos anos traballando arreo polo ben común. Durante moito tempo, tivestes a fortuna de obter de forma directa unha axuda dunha Administración Pública. Pero chega un día no que se vos informa de que, a partir dese ano, esas axudas se van convocar “en aberto”, de maneira que as asociacións que teñan os mesmos fins ca vós poidan concorrer a elas, e que se resolverán mediante criterios maiormente automáticos.

O desánimo pode aparecer entre vós, porque esa seguridade coa que

**Cómpre tender a que as concesións de axudas se fagan mediante concorrència.**

vos viñades organizando anualmente xa non existe. Pero parece preferible e desexable que, como cidadáns, pidamos -e mesmo esixamos- que o uso dos recursos públicos se faga de maneira que todas as entidades capaces de realizar con garantías actuacións subvencionables poidan optar a eles.


Porque, se tedes méritos para recibir esa axuda, é moi probable, e case seguro, que nun procedemento de concorrència obteñades tanto ou máis financiamento do que conseguíades antes.

Aquelas fotos de despacho nas que o político outorgaba, nun alarde de xenerosidade, diñeiro público de forma directa a unha entidade, retrotráennos a formas de actuar menos democráticas do que nos gustaría.

De aí que cando as Administracións van dando pasos, lentos pero seguros, dedicando recursos públicos a realizar actuacións desexables para todos e habilitan procedementos nos que se poden presentar e son valorados con criterios consistentes e procedentes, deberan ser valorados por todos nós, máis alá da nosa ideoloxía.

O contrario é caer nun comportamento tribal no que só aplaudimos aos nosos. Se seguimos na teima de obter axudas de forma directa, cando o realmente meritório é conseguilas en concorrència, algo falla.

E posiblemente algo falle cando só vemos “partidos políticos” e nunca vemos a “Administración Pública” de todos.



# O peto do Santo Antón

Rubén Aramburu



Achégase o Día do Seminario pola festa de San Xosé.

Unha boa nova para a Igrexa galega foi a creación dun novo seminario maior interdiocesano: o Seminario Santiago Apóstolo, que integra seminaristas das dioceses de Santiago, Mondoñedo-Ferrol e Tui-Vigo. Comezou a funcionar neste curso 2024-25. Ten moitas vantaxes, unha delas é que todos os curas de Galicia se coñezan. Tamén é unha riqueza contar cunha formación conxunta.

A cousa veu do Vaticano, preocupado por certa deriva conservadora nalgúns centros de España e polo reducido número de seminaristas nalgunha diocese. Ourense e Lugo, de momento, manteñen o número suficiente para continuar en solitario, pero sería bo que se achegasen ao proxecto nos vindeiros anos.

O novo seminario nace cos ventos do Sínodo da Sinodalidade: “Nunha Igrexa sinodal, os presbíteros están chamados a vivir o seu servizo nunha actitude de proximidade á xente, de acollida e escoita de todos, abríndose a un estilo autenticamente sinodal”, di o documento final do Sínodo.

No mes de decembro, o papa Francisco recibiu os 22 seminaristas xunto cos seus formadores e bispos e díxolles palabras ben fermosas: “Atoparedes persoas en momentos difíciles ou feridas... sexade para todos testemuñas da alegría do Evanxeo, brindádelles a tenrura e o consolo do Señor para que sanden as ampolas do camiño, sexade frechas amarelas que indican o camiño a Xesús”



## O CARRABOXO UXO por ROBE LOIS



# O peto común

Josecho de la Torre Culler

## Fresco e sen plástico!

A Revolución Industrial trouxo infinidade de avances que afectaron practicamente todo. Un sector especialmente impactado foi o da alimentación, tanto polo proceso de produción como pola maneira de conservar os alimentos. Isto, que supuxo un gran progreso ata hoxe e nos permite ter acceso aos alimentos básicos durante todo o ano — mesmo consumir produtos fóra da súa tempada —, non foi ben aproveitado nas últimas décadas, xa que o produto fresco foi perdendo terreo en favor do “alimento” ultraprocesado.

A isto súmase o uso descontrolado de plástico e as consecuencias que escoitamos nos medios: plástico no mar, microplásticos na chuvia e ata no que expulsamos do corpo... Unha cadea que atenta contra a nosa saúde.

E nesta situación tamén aparece o contrapunto: tendas das nosas vilas e cidades que nos ofrecen produto fresco de proximidade, sen aditivos e co menor impacto medioambiental posible. É dicir, o *modus vivendi* alimentario das xeracións anteriores ao “alimento de envase”. Produtos de cooperativas, empresas pequenas e non tan pequenas, asociacións... E que pracer é achegarse os días en que reciben o reparto e levar a túa caixiña (non unha bolsa) co leite, cos ovos, co feixe de nabizas, cunhas ceboliñas, cenorias, froita de tempada... Collendo só as unidades que precisas e non unha bolsa ategada que quizais non chegues a rematar. Adaptánoto á terra e á época.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Hai cousas que, aínda aos meus anos, me sorprenden. Unha destas cousas é o *Godly Play*. Explicar o que é resulta complicado, pero vou intentalo. No *Godly Play* hai persoas formadas con certa intensidade para contar relatos bíblicos con calma. Para iso, apóianse en imaxes sinxelas e fermosas. Son historias ben contadas que convidan á reflexión e á experiencia.

A primeira vez que fun a unha sesión de *Godly Play* coei-me nun grupo de rapaces e rapazas de 2º da ESO. Ía co convencemento de que iso sería un fracaso. Unha persoa contando unha historia bíblica con pausas, silencios, bonequiños... non me encaixaba dentro dos gustos dos rapaces afeitos a ver vídeos de 15 segundos en redes sociais. Ademais, coñecendo a algúns dos rapaces que non paran na cadeira da aula... Pois fíxose o silencio e a reflexión. Todos eles non perdían detalle de como se movían os personaxes ou como o vento movía a area do deserto.

A segunda vez xa foi nun grupo de adultos. A historia do Templo de Xerusalén. Toda unha reflexión sobre como os



E así vas facendo este ritual semanal, pensando que é un esforzo (ou non) que paga a pena pola saúde, pola terra e polos que virán despois. Motivos máis que suficientes. Como dicía Hipócrates hai 2400 anos: “Que o teu alimento sexa a túa medicina e que a túa medicina sexa o teu alimento”



homes imos enchendo os símbolos relixiosos de capas e capas sen sentido.

Ao final, cando un ten unha boa mensaxe, hai que coidar a forma, pero non hai que enchela de cousas superficiais. O importante é invisible aos ollos. Deus ten moito que dicir na sinxeleza.

Beatriz Cedrón



Xa se poden contar datos que permiten comparar os resultados financeiros obtidos pola banca convencional e pola **BANCA ÉTICA**. O **Informe sobre as finanzas éticas en Europa** evidencia que a Banca Ética é máis solvente e igual de rendible ca a tradicional. Ademais, resiste mellor, especialmente en épocas de crise, e consegue unha gran solidez patrimonial, o que lle permite conceder un gran número de créditos, en especial aos sectores economicamente máis febles.

Imaxe: economiasolidaria.org

**MOHAMED SAFA** é un oftalmólogo palestino que reside dende hai moitos anos en Corcubión. Activista pola causa palestina e autor de varias publicacións sobre a súa terra, dedica tamén tempo a poñer luz a través de charlas e encontros públicos sobre a realidade do conflito palestino. Safa pon o foco no carácter colonial da ocupación de Palestina por Israel e no interese dos países occidentais en controlar a zona e as rutas comerciais que transcorren polo mundo árabe a través daquel Estado.

Imaxe: utopialibros.com



Tan só un 16 % dos apelidos galegos actuais presentan a súa forma deturpada por efecto do fenómeno da castellanización, mais son os máis abundosos. Un instrumento deseñado pola RAG permite, dende xaneiro, comprobar cal sería a súa forma propia e poder restituíla.

Trátase da **GUÍA DE APELIDOS GALEGOS**, coordinada por Ana Boullón, que acompaña outras dúas ferramentas de gran utilidade: a **Guía de Nomes Galegos** e o **Diccionario de Apelidos Galegos**, no que a Academia segue a traballar.

Imaxe: academia.gal



A falta de regulación do prezo da vivenda e da adopción de medidas públicas que garantan a protección dese dereito básico produce un fenómeno nas cidades máis poboadas que se deu en chamar **XENTRIANSIEDADE**. Este neoloxismo refírese á incorporación de construcións “espectaculares” e mesmo de novas zonas verdes que son rexeitadas por parte da súa poboación, xa que atraen nova veciñanza e visitantes de poder adquisitivo máis elevado, subindo os prezos e expulsando os máis febles dos seus propios barrios.





Un documental do ano 2017, **SITO DISTINTO**, dirixido por Davide Cabaleiro, nármanos os 120 anos de historia da migración galega a Euskadi e os lazos que creou a convivencia das dúas culturas minorizadas. As primeiras ondas migratorias de finais do século XIX tiñan como destino as minas de ferro. Despois viñeron a pesca e a industria, ata chegar á convivencia actual dos dous pobos, compartindo música, literatura, vida social e cultural. Pódese atopar na páxina web da televisión vasca ([www.eitb.eus/es](http://www.eitb.eus/es)).  
Imaxe: numax.org



**NOA SOBRINO LAMAS** autodefinese como “Piliqueira. Filla do Luís Moreno de Souteliño, neta da Irene. Unha copia da miña mai”. Filóloga de Laza, realizou xunto con Sabela Salgueiro e Desiree Álvarez un traballo de investigación sobre as figuras tradicionais do Entroido e os estereotipos de xénero. Con 16 anos, Noa xa escribira un poema para explicar por que as mulleres de Laza non poñían o Peliqueiro e no que honraba todas as peliqueiras “que non se deixaban cohibir”.  
Imaxe: santiagodecompostela.gal

As **REDES SOCIAIS CIENTÍFICAS** son plataformas de internet nas que as persoas que se dedican á investigación poden intercambiar traballos, difundir e visibilizar o seu labor científico. Teñen milleiros de persoas usuarias e traballan dende unha óptica colaborativa, non competitiva. Tres delas son, por exemplo, **Academia.edu** (a máis seguida), **ResearchGate** e **Mendeley**. Moitas científicas e científicos galegos teñen traballos moi interesantes en redes científicas de acceso gratuito.  
Imaxe: catunescomujer.org



A **ASOCIACIÓN GALEGA DAS CASTIÑEIRAS E DOS SOUTOS (AGACAS)** naceu para defender e promover os intereses do sector da castaña en Galicia. A entidade procura a defensa e rehabilitación dos soutos e a promoción de novas plantacións, así como o seu consumo. Actúa como canle de comunicación entre universidades, técnicos, administracións, produtores, propietarios e persoas interesadas no sector. En **AGACAS** asesoran sobre todo o ciclo da castaña, dende o inicio dunha plantación ata a súa comercialización.  
Imaxe: campogalego.gal

## A Chave das Noces, a aventura de crear un centro social autoxestionado no rural galego



*No corazón de Castroverde, un grupo de persoas decidiu, hai case dez anos, dar vida a un espazo único: A Chave das Noces, un centro social autoxestionado que se converteu nun referente cultural na contorna. Olaia, Seixas, Alexandra e María son catro das socias fundadoras deste proxecto, pero falan en representación das máis de cen persoas asociadas que forman parte da Chave. Co obxectivo de crear un punto de encontro para todas as idades, apostaron por un modelo assembleario onde a cultura e a participación comunitaria son a base do seu funcionamento. A pesar dos retos, a Chave segue aberta á veciñanza e conta cunha programación estable que inclúe festividades tradicionais como o Lume Vello, os Maios ou o Magosto. Ademais, as crianzas —as súas “nociñas”— foron e seguen sendo parte fundamental da súa historia. Neste encontro, as súas impulsoras cóntannos como xurdiu a iniciativa, como evolucionou e cales son os seus retos de futuro.*

### **Como xurdiu a idea de crear A Chave das Noces?**

No ano 2015, un grupo de máis de dez persoas con inqedanzas culturais e sociais decidimos poñer en marcha un centro social autoxestionado en Castroverde. A nosa motivación principal era contar cun espazo físico de encontro para maiores e crianzas, máis alá da escola, onde socializar de xeito interxeracional e desenvolver diversas actividades culturais.

## Recentemente presentamos o ‘Dicionario de Amuletos Galegos’ de Rafael Quintía.

### **Que tipo de actividades organizades no centro?**

Desde o inicio, puxemos en marcha unha programación cultural estable e cotiá. Alugamos un antigo mesón e comezamos a organizar actividades semanais que incluían obradoiros, charlas, concertos, presentacións de libros e encontros con persoas de fóra que viñan compartir as súas experiencias. Tamén creamos un espazo de encontro habitual para as nenas e nenos, acordando merendar xuntos os luns, sen outra pretensión que xuntar á cativada. Ademais, fixemos cursos

de maior duración, como talla en madeira, costura, pintura, e aulas de baile e percusión tradicional que aínda se manteñen a día de hoxe.

### **Por que escolliches o nome ‘A Chave das Noces’?**

O nome levounos varios días de debate. Finalmente, decidímonos por ‘A Chave das Noces’ porque é un dito popular empregado en moitas zonas de Galicia que significa ter a solución, a chave mestra para resolver algo. No noso caso, coa creación da asociación sociocultural, criamos ter a ‘solución’ para dinamizar a vida sociocultural do concello e da contorna. Coidamos que si lle demos un pulo moi importante, pois, ademais das actividades que A Chave botou a andar, o exemplo serviu para fomentar que outros organismos fixesen outras.

### **Como evolucionou a actividade da asociación nos últimos anos?**

Nos últimos tempos, a actividade da Chave baixou moito. O tempo de inactividade durante a pandemia non axudou, pero xa viñamos vivindo unha redución dos actos celebrados e dos días de apertura do local, que agora é en Montecubeiro e de titularidade

municipal, pois non podíamos seguir asumindo o pagamento dun aluguer. Situacións laborais e persoais do núcleo organizador, así como un certo cansazo tras o frenético ritmo do inicio e a falta de relevo por parte de xente máis nova, fixeron que pactásemos uns actos anuais fixos en datas concretas que nos gustan moito e teñen un importante seguimento. Así, o Lume Vello, a festa dos Maios, o Samaín e o Magosto coorganizado co Sindicato Labrego Galego son as actividades programadas pola asociación ás que non renunciamos.

# Entrevista

“Creamos un espazo onde onde socializar de xeito interxeracional”



## Que perspectivas tedes para o futuro da asociación?

Non renunciamos a este proxecto, que tantos traballos pero tamén tantas alegrías nos deu ata o día de hoxe. Aínda que a actividade diminuíu, estamos abertas a propostas das persoas asociadas e xente próxima á Chave. Por exemplo, recentemente presentamos o ‘Diccionario de Amuletos Galegos’ do antropólogo Rafael Quintía. Ademais, neste ano imos botar a andar un club de lectura para rapazada en colaboración co Concello, e algunhas das persoas participantes e xa organizadoras son das nosas ‘nociñas’. Tampouco hai que esquecer as fillas que pariu a Cha-

## O noso exemplo serviu para que outros organismos fixesen outras actividades

ve: as aulas de baile tradicional e pandeireta gozan de boa saúde, e a outra filla, Billarda Verde, segue aí, pelexando da metade para arriba da clasificación na Liga Nacional de Billarda, con

outras asociacións e equipos irmáns deste fermoso xogo tradicional.

## Como valorades o impacto da asociación na comunidade local?

Coidamos que demos un pulo moi importante á vida sociocultural do concello e da contorna. Ademais das actividades que A Chave botou a andar, o noso exemplo serviu para fomentar que outros organismos fixesen outras. A pesar das dificultades, seguimos camiñando e non renunciamos a este proxecto, que tantos traballos pero tamén tantas alegrías nos deu ata o día de hoxe.



Felipe Arias Vilas

## As “historias” e o contexto do monumento de Bóveda



Bóveda, fachada

O conxunto monumental situado en Santa Eulalia de Bóveda, moi próximo a Lugo e descuberto “oficialmente” en 1926, vincúlase a esta cidade pola antiga vía romana XIX, que pasaba a rentes do monumento, onde atopamos —ademais dun núcleo de arquitectura tradicional de certo interese— as mostras máis egrexias da arte tardorromana galega e hispánica.

Este senlleiro núcleo arqueolóxico e artístico segue sendo aínda hoxe un lugar de filiación, cronoloxía, funcións e usos aínda discutidos, cando non enigmáticos, ao que contribuíron enormemente as vicisitudes do seu descubrimento, as súas reutilizacións, reformas e mesmo as súas sucesivas restauracións, todo o cal deu pé continuamente a novas hipóteses e interpretacións.

En todo caso, cómpre citar o seu carácter inicial de monumento romano (probablemente dos séculos III e IV) e de usos pagáns, fosen estes vinculados a un ninfeo (como se veu considerando na bibliografía tradicional —por parte de Chamoso Lamas, Arias Vilas, Abad Casal...—), a un lugar de curación de doenzas baseándose nos seus relevos e inscricións (opinión defendida no seu día por Ares Vázquez

e outros), a un mausoleo ou edículo funerario (Schlunk, Fernández de la Vega —que o suxería como panteón de Prisciliano—, Delgado Gómez, Montenegro Rúa...), ou mesmo a un sitio relacionado cos cultos romano-orientais (Rodríguez Colmenero...).

A esta etapa inicial do monumento, de orixe e duración aínda non ben

determinada, sucedería logo unha readaptación e reutilización como cripta paleocristiá, reaproveitada á súa vez en época prerrománica (Núñez Rodríguez, Schlunk, Berenguer, Singul, Blanco Rotea...), románica e aínda posteriores. Son os traballos de Enrique Montenegro na última década os que definen mellor a singularidade do monumento,

**Bóveda non é un elemento illado, pois se insire nun contexto arqueolóxico moi denso e interesante**



Bóveda, interior



Castro de Corvazal, fonte

que sería un mausoleo de culto báquico, así como a súa significación arqueolóxica e histórica e a súa relación con outros xacementos e achados da mesma zona do val do río Mera, aínda que Rebeca Blanco incide máis na etapa prerrománica e asturiana.

Á parte dos problemas que aínda suscita como xacemento arqueolóxico, moi deturpado polas sucesivas intervencións nel e no seu contorno, a súa maior singularidade e orixinalidade estriba na complementariedade (e cunha aparente lóxica interna) de arquitectura, escultura e pintura nun só conxunto: un edificio de dúas plantas de tipo rectangular, acollendo a de abaixo un estanque ou piscina (logo tapada xa en tempos antigos) e cun pórtico onde algunhas pedras mostran relevos de temática humana —danzantes— e animal —varias aves—, motivo este último que é o escollido, xunto cun entretecido vexetal (trellis) e de caseóns xeométricos, para as pinturas que decoraban a bóveda interior de medio canón, hoxe parcialmente perdida.

Todo isto vai xunguido a un papel importante do elemento acuático, sexa cal for a súa orixe e aproveitamento, o que para algúns sería produto dunha tradición prerromana (a zona está moi inzada de castros), reconvertida logo en uso balneario ou termal, cultural e/ou funerario. É indubidable que este conxunto tivo unha ampla utilización, pois o seu carácter esotérico semellaba derivarse en boa medida dunha

aparente posición semisoterrada que non era tal no seu momento orixinal, e tamén é obvio que a súa relación con Lucus Augusti debeu ser moi estreita, aínda que só fose pola súa proximidade e accesibilidade desde esta cidade.

Bóveda, xaora, non é un elemento illado, pois se insire nun contexto arqueolóxico moi denso e interesante, como demostran os estudos de E. Montenegro e como xa apuntaran no seu día Nicandro Ares e outros autores.

De primeiras, hai que citar o veciño Castro de Corvazal ou de Cabanas e as súas leiras intermedias, cheas de achados e datos que permiten relacionar ambos os dous xacementos. En Corvazal, onde hai anos se fixo algunha cata arqueolóxica, apareceu unha fonte empedrada que ten claras semellanzas coa arqueta orixinal que regulaba a auga da piscina de Bóveda, e de novo aparece aquí o elemento acuífero como referencia e mesmo explicación da traza deste monumento.

Nicandro Ares xa advertira sobre a citada densidade de castros no contorno de Bóveda, algúns deles pertencentes á etapa galaicorromana, coma o de Prógalo (que vén do nome latino Proculus), quizais outro enclave estratéxico vinculado a Lucus.

Hai que lembrar que estamos nas beiras da vía romana XIX, que unía Lugo e Iria Flavia (e que serviu logo para o trazado do Camiño Primitivo

que ía de Oviedo a Santiago) e, por iso, non é de estrañar a abundancia de restos de ocupación humana na etapa castrexa e romana.

Velaí está, como exemplo, a monumental estela funeraria aparecida en Crecente (en San Pedro de Mera, onde se inicia o val do río que se une ao Miño por Adai e Orbazai). Esta extraordinaria peza, hoxe no Museo de Lugo, vén sendo o epitafio decorado cunhas figuras togadas familiares da defunta Apana, unha Céltica Supertamárica, filla de Ambolus, e é unha significativa e senlleira mostra da aculturación ou asimilación entre o mundo indíxena prerromano e as influencias romanas, tanto no ámbito estético como tamén no ideolóxico.

## Estamos nas beiras da vía romana XIX, que unía Lugo e Iria Flavia



Estela de Crecente

Marisa Vidal Collazo.

Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria.

## Mestra de vida: Elizabeth Cady Stanton (parte II)



*Segunda e derradeira parte deste relato histórico que narra o nacemento do movemento sufraxista nos Estados Unidos, a loita pola igualdade de dereitos e o papel pioneiro das mulleres na revisión crítica da Biblia desde unha perspectiva feminista.*

“As nosas formulacións anticlericais, individualistas e interclasistas resultaban excesivas para outras compañeiras. Así, durante vinte anos houbo nos EUA dúas asociacións sufraxistas diferentes. Neste tempo, con Susan B. Anthony e Matilda Joslyn Gage, escribimos os volumes 1 a 3 de *History of Woman Suffrage*. O movemento sufraxista volveuse reunir de novo na *National American Woman Suffrage Association* (NAWSA), da que fun presidenta desde 1890 até 1892.

consigo mesma: desenvolver todas as súas facultades e posibilidades propias para poder orientar e servir mellor á próxima xeración.”

Como presidenta da NAWSA, mentres Susan B. Anthony xestionaba a asociación, viaxei por Europa durante dous anos, reuníndome con mulleres que compartían as miñas inquedanzas e que me achegaban observacións críticas sobre o lugar da muller na Biblia.

“Fixemos un fetichismo da Biblia durante demasiado tempo. Chegou o momento de lela como o facemos con

## Nos anos 70 do século XX comezou a desenvolverse a teoloxía feminista.

Na miña cabeza seguía a darlle voltas ao tema da Biblia como argumento feminista. En 1854, o papa Pío IX declarara a bula *Ineffabilis Deus*, proclamando o dogma da Inmaculada Concepción da Virxe María. Eu son protestante, pero vía as limitacións do modelo de muller sacrificada e abnegada que proclamaba esta bula.

“Aínda que é moi digno de eloxio servir aos nosos semellantes, o primeiro deber da muller é, porén, para

todos os demais libros, aceptando o ben e rexeitando o mal que ensina.”

En Greenbank, Bristol, reuníme coa sufraxista inglesa Helen Bright Clark. Formamos un equipo de mulleres inglesas e norteamericanas e comezamos os traballos de lectura e revisión, que duraron case cinco anos (1890-1895). As cartas eran a nosa estratexia de traballo. Éramos 26 mulleres entre lectoras, escritoras e revisoras. Unha das nosas compañeiras, Matilda Jos-



## “Fixemos un fetichismo da Biblia durante demasiado tempo

lynn Gage, publicou en 1893 *Woman, Church and State (Muller, Igrexa e Estado)*, un libro que desafiaba a ensinanza tradicional de que as mulleres eran a fonte do pecado e que o sexo era pecaminoso.

Tiñamos claro que non se trataba de traducir mellor a Biblia, senón de achegarnos aos textos cunha nova mirada. Somos mulleres adultas e formadas. Sabemos latín, hebreo, grego... e temos claro o noso obxectivo: buscar pasaxes que defendan os dereitos das mulleres e poñelos en valor. É o mesmo que estamos a facer cos códigos de leis civís.

En novembro de 1895 publicamos *The Woman's Bible – Parte I*, comentando o Pentateuco, e foi todo un *best seller*. As 50.000 copias da primeira edición esgotáronse en tres meses. Continuamos traballando e, en abril de 1898, publicamos a segunda parte, que compendiaba o resto do Antigo Testamento e todo o Novo. Eu xa tiña 83 anos. Aínda me quedaban forzas para escribir a miña autobiografía, *Eighty Years and More*, a miña última achega á historia do feminismo, polo que tanto loitei.

O éxito da *Biblia da muller* tivo a súa parte amarga. En 1896, a Asociación

Nacional Americana para o Sufraxio da Muller rexeitou *The Woman's Bible*, declarando non ter “relación oficial coa así chamada *Biblia da muller*, nin con ningunha publicación teolóxica”. Pasou o tempo e *A Biblia da Muller* caeu no silencio e na incompreensión... Non foi ata os anos 70 do século XX que se comezou a desenvolver a teoloxía feminista.

Buscando as vosas raíces, a vosa xenealoxía, atopástesvos comigo, con Lucretia, con Susan... Aquí estabamos, esperádevos... esperando que vós tamén vos acheguedes aos textos bíblicos cunha mirada crítica e espírito aberto”.



## As mulleres feministas da Igrexa apoiamos a monseñora Mariann Budde

*A asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria e a Rede Miriam de espiritualidad ignaciana feminina temos elaborado un escrito de apoio a Monseñora Mariann Budde polas súas palabras na catedral de Washington ante o novo goberno dos EEUU\*.*

*A carta leva o apoio da Revolta das Mulleres na Igrexa - Alcem la Veu e doutros grupos de mulleres feministas cristiás.*

*As mulleres feministas da Igrexa alzamos a nosa voz apoiando e sostendo as palabras de Monseñora Mariann Budde, unha muller valente que nos fai sentirnos orgullosas pola súa defensa profética da igualdade e a dignidade de todas as persoas. Seguimos camiñando ata que a Igualdade, a Xustiza e o Coidado da casa común sexan costume!!*



Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2025

### **Estimada e apreciada monseñora Mariann Budde,**

Somos mulleres feministas católicas que traballamos na nosa Igrexa pola igualdade entre homes e mulleres.

Son tempos difíciles os que nos toca vivir, tempos nos que a supremacía (branca, cis-heteropatriarcal ou de calquera outro tipo) e a polarización avanzan e se estenden por todos os países que se din democráticos, tanto en América como en Europa.

Parécenos revelador e alentador o feito de que no seu país existan plataformas como *Faithful America*, que reúnen diferentes confesións relixiosas para argumentar e desmontar, desde a nosa vivencia da fe, eses nacionalismos mal chamados cristiáns que, en todo o mundo, desvirtúan e tergiversan as palabras de Xesús e a nosa fe para defender posicións políticas extremistas e que fomentan o odio.

O motivo desta carta é agradecermos as súas valentes palabras na homilía do pasado 21 de xaneiro na catedral de Washington. Apreciamos e agradecemos a súa voz profética, que recoñecemos habitada pola Ruah, o seu ton pausado, capaz de se alzar sen estridencias para defender a verdade e sostela desde o Evanxeo.

Como mulleres, somos conscientes da dificultade que entraña chegar a ser bispa na capital dos Estados Unidos e da valentía necesaria para se dirixir ao novo presidente da súa nación nos termos nos que vostede se expresou.

Coincidimos con vostede na importancia da unidade como base firme sobre a que se debe soste un Estado, na importancia de neutralizar e superar a polarización que nestes momentos se vive a nivel global, na necesidade de abrir espazos de diálogo e deixar de considerar como inimiga aquela persoa que pensa de xeito diferente. As comunidades humanas debemos saber incluír a todas as persoas, sen excepción de ningún tipo, máis aló das diferenzas económicas, culturais, sociais, relixiosas ou sexuais.

A misericordia de Deus derrámase sobre todas as persoas sen distinción. Como mulleres crentes, vivímonos testemuñas e portavoces desa misericordia. Desde ese amor derramado en nós e desde a pedagogía de Xesús de Nazaret, non podemos permitir que as diferenzas se convertan nun motivo de exclusión, provocando sufrimento e angustia nos colectivos máis vulnerables. Apostamos firmemente pola tenrura como motor das relacións humanas. Por iso apoiamos sen fisuras as súas palabras, que agradecemos profundamente.

Seguimos camiñando na procura dunha Igrexa e dun mundo que sexan, cada vez máis, comunidade de iguais, *Ekklesia* que avanza na construción do Reino de Deus.

**Grazas, irmá!**

**Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria  
Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina**

**Apoian este escrito:**

Tras las huellas de Sophia (México)

**Revolta das Mulleres na Igrexa**

de Vigo, Lugo, Zaragoza, Cantabria, Navarra, Granada, Tenerife, Alicante, Madrid, Cabra, Huesca, Gran Canaria, Vitoria-Gasteiz, A Rioxa, Salamanca, Bilbao, Murcia, Badaxoz, Valladolid, Almería, Córdoba, Cádiz, **Alcem la Veu** Barcelona, Menorca, Valencia.

Mulleres na Igrexa de Burgos pola igualdade,

Mulleres e Teoloxía de Zaragoza, Cantabria, Sevilla, Cabra

Emakumeen Aldarria Guipuzkoa

Elizandrea

Donnes Creients Valencia

Mulleres en Diálogo CVX España

Mulleres Católicas Presbíteras, AR-CWP Europa

\* Neste enlace de El País podedes ler o discurso íntegro de **monseñora Mariann Budde**

[https://elpais.com/us/2025-01-22/el-discurso-integro-de-la-obispa-mariann-edgar-budde-que-molesto-a-trump-por-pedir-piedad-para-los-migrantes.html?utm\\_source=chatgpt.com](https://elpais.com/us/2025-01-22/el-discurso-integro-de-la-obispa-mariann-edgar-budde-que-molesto-a-trump-por-pedir-piedad-para-los-migrantes.html?utm_source=chatgpt.com)

En Youtube: [https://www.youtube.com/watch?v=5qnB1FU7q\\_g&t=3s](https://www.youtube.com/watch?v=5qnB1FU7q_g&t=3s)



## E se facemos que os medios coincidan cos fins?

Á vista do que se aprecia na vida e na “conversa” (se é que se lle pode chamar así) política actual —galega, española, europea, global—, non está de máis gañar distancia e repensar a cousa pública con axuda dalgún precedente interesante.

Por exemplo, Petra Kelly, fundadora de *Die Grünen* (“Os Verdes” alemáns), escribía no prólogo do seu testamento político *Pensar co corazón: textos para unha política sincera*:

A miña experiencia demóstrame que na política tamén pode existir o altruísmo e a solidariedade; está nas nosas mans levar a cabo unha política que tome partido polo ser humano e, ante todo, polo máis débil. Isto significa, nada menos, que ligar o pensamento político coa visión espiritual, porque coa mera política non se pode resolver ningún problema... Pero moitos fan caso omiso, porque conciben a política só coma un negocio no que o máis importante son os grandes espaventos, o fala barato e as xogadas tácticas. Ese concepto da política debería estar superado desde hai moito tempo, pero, por desgraza, ten moitos partidarios tamén nas ringleiras dos Verdes.


Xa anteriormente, en 1984, Petra escribira:

Ser tenra e tamén subversiva, iso é o que significa para min, a nivel político, ser verde e actuar coma tal... O poder sen amor redúcese rapidamente á simple capacidade de espoliar e manipular. Nun movemento político ecolóxico necesítanse inescusablemente solidariedade, paciencia, cooperación, tenrura e tolerancia, a fin de que coincidan os medios e mais os fins.



## Olladas Ilustradas

Roberto Álvarez



### “A vida ameazada: consecuencias para o futuro”

O encontro deste ano terá lugar o sábado 26 de abril e escollemos como tema o coidado da vida do planeta (e das persoas) baixo o lema **“A vida ameazada: consecuencias para o futuro”**. Para axudarnos a afondar no tema, estará connosco Adela Figueroa (bióloga, escritora, activista e gran coñecedora desta realidade).



© Foto: Nós Diario. Adela Figueroa

**DATA:** Sábado 26 de abril

**LUGAR:** Antigo Colexio Ramón Cabanillas en Santiago (Rúa do Castiñeiro, 21, ao lado da igrexa)

**HORARIO:**

- **10:30 – 11:00:** Acollida e benvinda
- **11:00 – 12:15:** Exposición do tema por Adela Figueroa (“Curra”)
- **12:15 – 12:45:** Descanso, pausa, café...
- **12:45 – 14:00:** Coloquio e debate entre as persoas asistentes
- **14:00 – 14:30:** Celebración
- **14:30 – 17:00:** Xantar compartido

Coma sempre é un espazo aberto ao que estades tod@s convidad@s!

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

**Consello de redacción:** Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

**Colaboradores:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: [asoc.irimia@gmail.com](mailto:asoc.irimia@gmail.com)

Subscripcións:

Tel.: 615 464 095 / [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

[irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## Carta de febreiro de 2025 do papa Francisco aos bispos dos Estados Unidos (Extracto)

Xesucristo non viviu á marxe da experiencia difícil de ser expulsado da súa propia terra por mor dun inminente risco de vida, nin da experiencia de ter que refuxiarse nunha sociedade e nunha cultura alleas ás propias. ...A familia de Nazaré no exilio, Xesús, María e Xosé, emigrantes en Exipto e alí refuxiados, son o modelo, exemplo e consolo dos emigrantes e peregrinos de cada época e país, de todos os prófugos de calquera condición que, aburados polas persecucións ou pola necesidade, se ven obrigados a abandonar a patria, a amada familia e os amigos entrañables para dirixirse a terras estranxeiras...

Seguín con atención a importante crise que está a ter lugar nos Estados Unidos con motivo do inicio dun programa de deportacións masivas. A conciencia rectamente formada non pode deixar de realizar un xuízo crítico e expresar o seu desacordo con calquera medida que identifique, de maneira tácita ou explícita, a condición ilegal dalgúns migrantes coa criminalidade.

...O acto de deportar persoas que, en moitos casos, deixaron a súa propia terra por motivos de pobreza extrema, inseguridade, explotación, persecución ou pola grave deterioración do medio ambiente, magoa a dignidade de moitos homes e mulleres, de familias enteiras, e colócaos nun estado de especial vulnerabilidade e indefensión.

Un auténtico estado de dereito verificase precisamente no trato digno que merecen todas as persoas, en especial as máis pobres e marxinadas. O verdadeiro ben común promóvese cando a sociedade e o goberno, con creatividade

O verdadeiro ben común promóvese cando a sociedade e o goberno, acollen, protexen e integran aos máis fráxiles



© Foto: <https://oem.com.mx>

e respecto estrito ao dereito de todos, acollen, protexen, promoven e integran os máis fráxiles, desprotexidos e vulnerables.

Isto non impide promover a maduración dunha política que regule a migración ordenada e legal. Con todo, a mencionada “maduración” non pode construírse a través do privilexio duns e o sacrificio doutros. O que se constrúe a base de forza, e non a partir da igual dignidade de todo ser humano, mal comeza e mal terminará.

Exhorto a todos os fieis da Igrexa católica, e a todos os homes e mulleres de boa vontade, a non ceder ante as narrativas que discriminan e fan sufrir innecesariamente os nosos irmáns migrantes e refuxiados. Con caridade e claridade, todos estamos chamados a vivir en solidariedade e fraternidade, a construír pontes que nos acheguen cada vez máis, a evitar muros de ignominia, e a aprender a dar a vida como Xesucristo a ofreceu, para a salvación de todos.

# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Léanos, señor presidente...

“Alcalde de Poio, \*encargámoste unha das zonas urbanas máis transitadas de Galicia!”. Así lle entregaba Fernando Rueda estes días a Ángel Moldes a responsabilidade de xestionar correctamente a primeira fase de humanización da estrada autonómica PO-308. Non dubidamos, nin moito menos, que este teña a capacidade para facelo: o que si é evidente é que o señor Rueda non ten a capacidade para o uso correcto do pronome átono en galego. Xa lle tiñamos pillado outras e aínda non deramos tomado nota, mais agora si. Este artigo vai dedicado a el, a ver se lle podemos botar unha man.

Saber se hai que escoller CHE ou TE é difícil para as persoas que na súa

variante dialectal non os distinguen, cheístas ou teístas. Mais o noso presidente non pertence a ningunha delas. Lembrámoslle a el -e a quen precise- un truco que non falla: cando non saibades escoller, pasade a oración a 3.ª persoa, como se llo dixerades “a el”: “Encargámoslle unha das zonas...” ou “\*Encargámolo unha das zonas...”? É evidente que o que nos soa ben é o primeiro exemplo, “encargámoslle”; entón, o pronome que temos que escoller para a 2.ª persoa será “CHE”, “encargámosche”.

Para os que teñades certo dominio de sintaxe, recordade que:

- CHE, pronome de 2.ª persoa que funciona como CI, igual ca LLE (S) para a 3ª persoa. (a quen lle encargas)
- TE, pronome de 2.ª persoa, que funciona como CD: (ti es o encargado). Por iso coincide con O, A, OS, AS, para a 3.ª persoa.

E xa metidas en fariña, lembraremos que a norma de ouro para a colocación do pronome en galego é que un **pronome átono NUNCA empeza unha oración. Irá, normalmente, despois**

**do verbo** (*Prometeunos o ouro e máis o mouro*), a non ser que antes vaian unha serie de elementos que “tiran” por ese pronome para antes do verbo, como:

- os pronomes **interrogativos**: Por que lle prometín iso?
- os pronomes **exclamativos**: Canto lle prometín!
- os **adverbios** (excepto os de tempo -hoxe, onte...- e lugar -aquí, alí...-): **Non** lles prometín... **Nunca** lles prometín... **Sempre** lles prometín... **Moito** lles prometín... **Só** lles prometín... **Simplemente** lles prometín...
- as **oracións subordinadas**: *Dixo que lles prometera... Fíxoo porque lles prometeu...*

Por hoxe está! De todos os xeitos, non vos despistedes porque...

*Marzo, marzán, á mañá cara de rosa, á tarde cara de can.*

*Marzo amarzador, se un día é malo, o outro é peor...*

Así e todo, que non decaia o ánimo: *Marzo, marzal: de mañán inverno e de tarde vran.*

		CD	CI
SINGULAR	1ª	ME	
	2ª	TE	CHE
	3ª	O, A	LLE
PLURAL	1ª	NOS	
	2ª	VOS	
	3ª	OS, AS	LLES

Quen dixo que non lembraba os pronomes